



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 22 DE MARZO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que aproba a oferta de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se crea o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento
- Decreto polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o seu rexistro

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se regula o Catálogo de Árbores Senlleiras

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a ampliación da escola infantil municipal 03, integrada na rede galega de escolas infantís
- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da súa concesión, das subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción e á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de catro millóns catrocentos noventa e cinco mil douscentos noventa e un euros con dezanove céntimos para a obra de adaptación da estrada LU-723 Pontes de Gatín (LU-722), no límite con León ao plan de baixa intensidade media diaria (IMD)
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de catro millóns setecentos tres mil cincocentos dez euros con vinte e un céntimos de euro, correspondente á obra de acondicionamento da estrada AC-444 Negreira-A Baña-Ponte Failde

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a participar no Consorcio CIBER, mediante a sinatura dun convenio co Instituto de Salud Carlos III para a área temática de bioenxeñaría, biomateriais e nanomedicina
- Acordo polo que se autoriza á Xunta de Galicia a participar no Consorcio CIBER, mediante un convenio co Instituto de Salud Carlos III para a área temática de fisiopatoloxía da obesidade e nutrición

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Boiro, para a execución das obras de actuación de saneamento na comunidade autónoma. Colectores de saneamento no río Coroño. Treito: Brazos-Coroño (A Coruña), por importe de seiscentos oitenta e catro mil cento trinta e oito euros e tres céntimos
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Carballiño para a execución das obras de saneamento nas bacías fronteirizas. Mellora e saneamento en núcleos do Carballiño (Ourense), por importe de setecentos setenta e catro mil cincocentos sesenta e cinco euros e corenta e catro céntimos



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cerceda para a execución das obras de actuacións de abastecemento na Comunidade Autónoma. Abastecemento a núcleos do concello de Cerceda e obras de mellora na estación de tratamento de auga potable de Cerceda, por importe de seiscentos sete mil cento setenta e oito euros con cincuenta e catro céntimos
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Viveiro para a execución de obras de actuación de abastecemento na Comunidade Autónoma. Mellora das infraestruturas hidráulicas na rúa Lavandeiras de Celeiro, en Viveiro (Lugo), por importe de oitocentos trinta e un mil oitenta e un euros con oitenta e dous céntimos

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Corcubión para a pavimentación e mellora da rúa Antonio Porrúa sita na zona histórica

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do Plan de Provisión de postos de traballo dos facultativos especialistas dos hospitais do SERGAS



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE 3.125 PRAZAS DE EDUCACIÓN PARA 2007

- Supón un incremento do 356 por cento con respecto ao ano pasado xa que se convocarán 2.439 prazas máis
- A oferta é superior á suma das últimas cinco convocatorias
- Trátase da oferta pública de emprego no eido educativo máis elevada da historia da autonomía o que contribuirá a mellorar a calidade do ensino público galego
- Esta convocatoria é especialmente sensible co eido da educación infantil xa que se ofertan 575 prazas para esta etapa educativa

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se aproba a oferta de emprego público da Comunidade Autónoma para o ano 2007 de prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Así, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará este ano un total de 3.125 prazas, o que supón un incremento do 356 por cento con respecto ás 686 prazas convocadas en 2006. Ademais, a oferta pública de emprego da Administración educativa autonómica para 2007 é superior á suma das últimas cinco convocatorias, en que se ofertaron un total de 2.847 prazas.

Esta oferta pública de emprego aprobada hoxe polo Consello da Xunta é a convocatoria máis elevada na historia da autonomía en canto a número de prazas ofertadas o que contribuirá a mellorar a calidade do ensino público galego. Esta convocatoria é, ademais, especialmente sensible co eido da educación infantil, xa que se ofertan 575 prazas para esta etapa educativa.

A convocatoria fomenta, así mesmo, o acceso das persoas con discapacidade ao emprego, reservando un 7 por cento das prazas para as persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. Paralelamente, a oferta pública de emprego para 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria presta especial atención ao alumnado con necesidades educativas específicas xa que se convocan 250 prazas para a especialidade de Pedagogía Terapéutica e 190 para Audición e Linguaxe.

Do total de prazas que se ofertarán este ano pertencentes a 93 especialidades, 1.350 corresponden ao corpo de mestres; 994 ao de profesores de ensino secundario; 90 ao de técnicos de formación profesional; 30 ao de escolas oficiais de idiomas; 150 ao de música e artes escénicas; e 19 ao de artes plásticas e deseño. A oferta pública de emprego para 2007 tamén prevé, despois de 11 anos sen convocárense, 440 prazas de acceso a cátedra, das cales 400 se destinarán ao corpo de catedráticos de ensino secundario, 25 ao de escolas oficiais de idiomas, e 15 ao de artes plásticas e deseño.



Ademais, o decreto aprobado hoxe recolle a convocatoria dunha quenda especial para que poida acceder aos corpos docentes o persoal laboral fixo que realice funcións docentes en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Así, ofertaranse un total de 52 prazas, distribuídas do seguinte xeito: 27 para o corpo de profesores de ensino secundario; 4 para o de técnicos de FP; e 21 para o de mestres.

A oferta pública de emprego da Administración educativa autonómica para 2007 tamén establece que se reservará unha cota do 7% do conxunto dela para seren cubertas por persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. A distribución desta reserva por corpos e especialidades efectuarase na convocatoria de prazas selectivas; e as prazas que queden vacantes da quenda de discapacidade non se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

Ademais, o decreto aprobado hoxe recolle que se reservará unha cota do 10% para promoción interna, distribuíndo esta reserva por especialidades na convocatoria de prazas selectivas. As prazas que queden vacantes desta quenda tampouco se acumularán ás convocadas pola quenda libre.

En virtude deste decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá tamén convocar procedemento para que os funcionarios docentes que dependan directamente dela poidan optar a unha nova especialidade dentro do corpo a que pertencen.

(Xúntanse cadros coa oferta por especialidades)

OFERTA DE EMPREGO 2007

CORPO DE MESTRES			
	QUENDA DISCAPAC	LIBRE	TOTAL
EDUCACIÓN INFANTIL	40	535	575
IDIOMA ESTRANXEIRO: INGLÉS	8	117	125
IDIOMA ESTRANXEIRO: FRANCÉS	5	65	70
EDUCACIÓN FÍSICA	5	70	75
EDUCACIÓN MUSICAL	5	60	65
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	17	233	250
AUDICIÓN E LINGUAXE	13	177	190
TOTAL	93	1.257	1.350



PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO				
ESPECIALIDADE	B-A	DISCAP	LIBRE	TOTAL
001.- FILOSOFÍA	3	2	27	32
002.- GREGO	1	1	10	12
003.- LATÍN	2	1	11	14
004.- LINGUA CASTELÁ E LIT.	11	8	91	110
005.- XEOGRAFÍA E HISTORIA	12	9	99	120
006.- MATEMÁTICAS	11	9	91	111
007.- FÍSICA E QUÍMICA	3	2	30	35
008.- BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4	3	38	45
009.- DEBUXO	3	2	25	30
010.- FRANCÉS	5	3	42	50
011.- INGLÉS	7	5	58	70
012.- ALEMAN	-	-	3	3
016.- MÚSICA	3	2	20	25
017.- EDUCACIÓN FÍSICA	5	4	46	55
018.- PSICOLOXÍA	2	2	16	20
019.- TECNOLOXÍA	3	2	25	30
053.- LINGUA GALEGA E LIT.	10	7	83	100
102.- ANALÍSE E QUÍMICA INDUSTRIAL	-	-	4	4
103.- ASESORÍA E PROCESOS DE IMAXE PERSOAL	-	-	4	4
105.- FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL	2	2	16	20
106.- HOSTALARÍA E TURISMO	1	-	6	7
107.- INFORMÁTICA	2	2	14	18
108.- INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA	1	1	6	8
109.- NAVEGACIÓN E INSTALACIÓNS MARIÑAS	1	-	2	3
111.- ORGANIZACIÓN E PROCESOS DE MANTEMENTO DE VEHÍCULOS	1	-	5	6
112.- ORGANIZACIÓN E PROXECTOS DE FABRICACIÓN MECÁNICA	1	1	13	15
113.- ORGANIZACIÓN E PROXECTOS DE SISTEMAS ENERXÉTICOS	1	-	3	4
115.- PROCESOS DE PRODUCCIÓN AGRARIA	-	-	3	3
117.- PROCESOS DE DIAGNÓSTICOS CLÍNICOS E PRODUTOS ORTOPROTÉSICOS	1	-	4	5
118.- PROCESOS SANITARIOS	1	-	6	7
119.- PROCESOS E MEDIOS DE COMUNICACIÓN	1	1	7	9
122.- PROCESOS E PRODUTOS DE ARTES GRÁFICAS	-	-	3	3
123.- PROCESOS E PRODUTOS DE MADEIRA E MOBLE	1	-	2	3
124.- SISTEMAS ELECTRÓNICOS	1	-	4	5
125.- SISTEMAS ELECTROTÉCNICOS E AUTOMÁTICOS	1	1	6	8
TOTAL	101	70	823	994



PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

ESPECIALIDADE	DISC	LIBRE	TOTAL
201.-COCÍÑA E PASTELARÍA	1	6	7
203.- ESTÉTICA	-	3	3
204.- FABRICACIÓN E INSTALACIÓN DE CARPINTARÍA E MOBLE	-	3	3
205.- INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE EQUIPOS TÉRMICOS E DE FLUÍDOS.	-	3	3
206.- INSTALACIÓNS ELECTROTÉCNICAS	1	7	8
208.- LABORATORIO	-	3	3
209.- MANTEMENTO DE VEHÍCULOS	1	10	11
211.- MECANIZADO E MANTEMENTO DE MÁQUINAS	1	7	8
216.- OPERACIÓNS E EQUIPOS DE PRODUCCIÓN AGRARIA.	-	3	3
218.- PERRUCARÍA		4	4
223.- PRODUCCIÓN EN ARTES GRÁFICAS	1	6	7
225.- SERVIZOS Á COMUNIDADE		5	5
226.- SERVIZOS DE RESTAURACIÓN		5	5
227.- SISTEMAS E APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	1	7	8
229.- TÉCNICAS E PROCEDEMENTOS DE IMAXE E SON	1	11	12
TOTAL	7	83	90

PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

001.- ALEMÁN		4	4
008.- FRANCÉS		4	4
011.- INGLÉS	1	9	10
012.- ITALIANO	1	7	8
015.- PORTUGUÉS		4	4
TOTAL	2	28	30



PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS			
401.- ACORDEÓN		2	2
403.- CANTO		3	3
404.- CLARINETE		7	7
406.- CONTRABAIXO		3	3
408.- FAGOT		4	4
410.- FRAUTA TRAVESA		5	5
412.- FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN	1	12	13
414.- GUITARRA	1	7	8
416.- HISTORIA DA MÚSICA		3	3
419.- OBOE		4	4
422.- PERCUSIÓN		8	8
423.- PIANO	2	26	28
424.- SAXOFÓN		4	4
426.- TROMBÓN		6	6
427.- TROMPA		6	6
428.- TROMPETA		8	8
429.- TUBA		5	5
431.- VIOLA		5	5
433.- VIOLÍN	1	7	8
434.- VIOLONCELO	1	7	8
460.- LINGUAXE MUSICAL	1	11	12
TOTAL	7	143	150

PROFESORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO				
ESPECIALIDADE	B-A	DISC	LIBRE	TOTAL
502.- RESTAURACIÓN E RESTAURACIÓN DE MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS			2	2
503.- RESTAURACIÓN E RESTAURACIÓN DE OBRAS ESCULTÓRICAS			1	1
504.- RESTAURACIÓN E RESTAURACIÓN DE OBRAS PICTÓRICAS			2	2
507.- DEBUXO ARTÍSTICO E COR	1		1	2
515.- FOTOGRAFÍA			3	3
512.- DESEÑO GRÁFICO			2	2
516.- HISTORIA DA ARTE		1	1	2
521.- MEDIOS AUDIOVISUAIS			3	3
525.- VOLUME	1		1	2
TOTAL	2	1	16	19



A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA OS PROGRAMAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL

- Crearase un rexistro de entidades que impartirán estes cursos de formación
- A normativa regulará o procedemento para a expedición do certificado de competencia para condutores e coidadores de vehículos de estrada de transporte de animais vivos
- Garantirase a formación dos axentes implicados na manipulación dos animais e controlarse para efectos do recoñecemento de programas de formación, cursos ou actividades que sexan impartidos en entidades ou centros de formación agraria

A Consellería do Medio Rural presentou o decreto que regulará os programas de formación para a realización de cursos en materia de benestar animal que garantan a capacitación do persoal encargado da manipulación dos animais, segundo aprobou o Consello da Xunta. Ademais, crearase o rexistro de entidades que imparten cursos en materia de benestar animal e normalizase o procedemento de autorización das entidades que os imparten.

Este decreto regulará o procedemento para a expedición do certificado de competencia para condutores e coidadores de vehículos de estrada de transporte de animais vivos, ademais da acreditación de formación en materia de benestar animal do persoal das granxas, matadoiros, centros de concentración e outro persoal a que lle sexan de aplicación as exixencias legais neste tipo de formación.

Os axentes que interveñen tanto na cría como na manipulación dos animais en granxas, en centros de concentración e en matadoiros, mesmo durante o seu transporte, deberán acreditar unha formación axeitada en materia de benestar animal, para garantir un desenvolvemento racional da produción e procurar o benestar dos animais no mercado.

A formación dos axentes implicados na manipulación dos animais garantirase e controlarse para efectos do recoñecemento de programas de formación, cursos ou actividades que sexan impartidos en entidades ou centros de formación agraria.

O contido deste decreto será de aplicación nos cursos que en materia de benestar animal sexan exhibibles pola normativa vixente e que se realicen en Galicia, ben pola Consellería competente en materia de agricultura ou ben polas entidades de formación que llo impartan ao persoal de granxas, matadoiros, centros de concentración, condutores e coidadores de gando.



A organización dos cursos de formación en materia de benestar animal correspóndelle, preferentemente, á Consellería competente en materia de agricultura, a través da dirección xeral con funcións en materia de formación, así como a outras entidades de carácter público ou privado autorizadas en virtude do establecido no presente decreto. Tamén poderán realizar estes cursos outras administracións, universidades, cooperativas agrarias, organizacións e asociacións profesionais do sector, asociacións públicas ou privadas e empresas privadas con recoñecida capacitación, autorizadas de conformidade co previsto no decreto.

O profesorado será preferentemente integrado por licenciados en veterinaria, ben que as persoas con titulación universitaria en Enxeñaría Agronómica (técnica ou superior) e licenciatura en ciencias biolóxicas poderán impartir aquelas partes de formación en benestar animal non relacionadas especificamente con aspectos sanitarios, tendo que acreditar a súa formación en materia de protección e benestar animal. En materias non relacionadas directamente co benestar animal, poderase contar con persoal especializado que acredite a súa formación no contido específico da materia.

A duración dos cursos será dun mínimo de 20 horas, das cales 10 se distribuirán para o módulo xeral e 10 en cada un dos módulos específicos, incluída a proba de aptitude. Para superar os cursos en materia de benestar animal será necesario asistir cando menos ao 85% das horas lectivas e demostrar o seu aproveitamento ao rematar o curso a través dunha proba obxectiva de aptitude de cada módulo.

Rexistro, certificado de competencia e acreditación

No rexistro de entidades autorizadas para impartir cursos en materia de benestar animal, inscribíranse as entidades autorizadas para impartir formación en materia de benestar animal.

A adquisición do certificado de competencia para condutores ou coidadores no transporte de gando por estrada adquirese pola superación da proba obxectiva de aptitude correspondente ao módulo xeral e específico que se publicarán no DOG. O ámbito do certificado de competencia poderá limitarse a especies específicas ou grupos de especies específicos.

Rematado o curso, as entidades organizadoras, actuando en representación dos asistentes, remitirán á dirección xeral con funcións en materia de formación da Consellería con competencias en materia de agricultura unha relación daqueles alumnos que, superada a proba de aptitude, soliciten o certificado de competencia, para o que deberán achegar a documentación que así o acredite.



Poderán ser validados os cursos en materia de benestar animal realizados en Galicia con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, sempre que os programas dos cursos se impartisen de conformidade co establecido neste regulamento.



O GOBERNO GALEGO APROBA A CREACIÓN DO OBSERVATORIO DO SECTOR LÁCTEO DE GALICIA

- Elaborará informes e estudos sobre os distintos aspectos da cadea de produción, transformación e distribución de produtos lácteos susceptibles de ser relevantes para os axentes representativos do sector
- O observatorio desempeñará as funcións de análise da situación do sector e recompilará datos técnicos e económicos relativos ás explotacións de vacún de leite

A Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento. Este Observatorio funcionará como un órgano colexiado de asesoramento e consulta cos representantes do sector, levando a cabo a elaboración de informes e estudos sobre os distintos aspectos da cadea de produción, transformación e distribución de produtos lácteos susceptibles de ser relevantes para os axentes representativos do sector.

Segundo o decreto, o Observatorio do Sector Lácteo desempeñará as funcións de análise da situación do sector e das diferentes problemáticas que lle afectan así como a recompilación de datos técnicos e económicos relativos ás explotacións de vacún de leite e a elaboración dun sistema de información e de índices de referencia adecuados para o coñecemento da evolución do sector lácteo. Tamén se ocupará do fornecemento aos axentes representativos do sector sobre a situación estrutural e conxuntural do sector, fundamentada nos prezos pagados e percibidos polos produtores, nos resultados da xestión técnica e económica das explotacións de leite e na situación de oferta e demanda dos produtos lácteos no mercado.

Ao mesmo tempo, atribúenselle funcións de asesoramento aos diversos servizos da Consellería competente en materia Agraria e de Desenvolvemento Rural no exercicio das funcións que teñen atribuídas no ámbito da produción agraria, a elaboración de publicacións e estudos sobre esta materia ou calquera outra función relacionada co sector lácteo que lle encargue a persoa titular da Consellería competente.

En canto á súa composición, a presidencia corresponderalle ao titular da consellería competente en materia de agricultura e desenvolvemento rural, mentres que en calidade de vogais actuarán tres representantes da mesma Consellería, con rango de director ou subdirector xeral, un representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias representadas no Consello Agrario Galego, un representante da Asociación de Cooperativas Agrarias de Galicia e tres representantes da Asociación de Empresas Lácteas de Galicia. Pola súa parte, o secretario será nomeado entre o persoal administrativo da Dirección Xeral de Investigación da Consellería con competencias en Agricultura. Tamén se prevé, que nas sesións de traballo poida ser



reclamada a presenza de persoas cualificadas para achegar aos debates o seu punto de vista especializado sobre as materias que se suscitan.

O funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo estará regulado pola normativa que rexe os órganos colexiados, mentres que o apoio material e persoal será asumido pola Dirección Xeral de Investigación da consellería con competencias en agricultura e desenvolvemento rural.



O CATÁLOGO GALEGO DE ÁRBORES SENLLEIRAS RECOLLERÁ AS ESPECIES QUE NECESITAN ESPECIAIS MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA A SÚA CONSERVACIÓN

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de creación deste catálogo que establece a protección de 108 especies e 22 formacións arbóreas
- A protección das árbores senlleiras implica a prohibición de accións que poidan afectar negativamente á súa integridade e saúde

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Neste catálogo recóllense as especies que necesitan especiais medidas de protección para a súa conservación, tendo en conta os seus valores naturais, culturais, científicos, didácticos, estéticos ou paisaxísticos. Así mesmo, o decreto establece o procedemento para a inclusión de novas especies.

O Catálogo Galego de Árbores Senlleiras recolle un total de 108 especies e 22 formacións arbóreas que, pola súa excepcionalidade, merecen un ámbito especial de protección. Estas árbores poderán contar con plans de xestión encamiñados á súa conservación, restauración e mellora.

A protección das árbores senlleiras implica a prohibición de accións que poidan afectar negativamente a súa integridade e saúde, e a necesidade de contar cunha autorización para executar calquera proxecto que poida ameazar os valores naturais, culturais ou científicos destas especies.

Novas especies

Dende que se abriu o período de presentación de solicitudes para a inclusión de novas especies no catálogo presentáronse xa preto dun cento de propostas. Estas propostas de catalogación serán estudadas polo Comité de Árbores Senlleiras, que avaliará as solicitudes e examinará se as especies propostas para a súa inclusión no catálogo cumpren cos requisitos axeitados.

O comité estará constituído por representantes da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Rural, así como representantes das tres universidades galegas, do Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán e de asociacións que traballan na conservación de árbores senlleiras, xunto a expertos designados pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINARÁ 4,5 MILLÓNS DE EUROS Á AMPLIACIÓN DA ESTRADA DE MONTAÑA ENTRE LIBER, EN BECERREÁ (LUGO), E O LÍMITE CON LEÓN

- A actuación consistirá na ampliación da estrada actual de 28 quilómetros de lonxitude co fin de acadar unha maior comodidade e seguridade no tráfico rodado

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 4,5 millóns por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a ampliación e mellora da estrada de montaña LU-723, que arranca da localidade de Liber (no concello de Becerreá) e discorre pola Serra dos Ancares ata o límite da provincia con León, concretamente no alto do Portelo.

Esta vía, de 28 quilómetros de lonxitude, caracterízase por ter un trazado moi sinuoso e un largo medio da calzada de 5 metros. Polo tanto, a actuación de Política Territorial consistirá na ampliación da estrada actual co fin de acadar unha maior comodidade e seguridade no tráfico rodado.

As obras levaranse a cabo dentro do dominio público existente, polo que non se realizarán expropiacións de terreos. Deste xeito, realizaranse traballos de alargamento da calzada nas zonas onde sexa posible, de saneamento dos treitos de firme en peor estado, obras de drenaxe e, por último, a colocación de paneis direccionais nas curvas máis perigosas.

A meirande parte da estrada (agás os 2 quilómetros iniciais que pertencen ao concello de Becerreá), discorre polo concello de Cervantes, atravesando as parroquias de San Tomé de Cancelada, o Mosteiro, Vilasante, San Pedro de Cervantes, Vilapún, Cereixedo e Vilarello.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 5 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA AC-444 ENTRE A BAÑA E PONTE FAÍLDE, NA PROVINCIA DA CORUÑA

- O obxecto desta actuación é o ensanche e mellora da estrada ao longo de preto de 8 quilómetros, o que permitirá suprimir curvas perigosas
- Terá un prazo de execución de 24 meses contados a partir da súa adxudicación
- A nova estrada contará con dous carrís de 3,5 metros de largo

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 5 millóns de euros no acondicionamento da estrada AC-444 entre A Baña e Ponte Faílde, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta.

O obxecto desta actuación é o ensanche e mellora da estrada ao longo de preto de 8 quilómetros, o que permitirá suprimir curvas perigosas, mellorar o pavimento e construír sendas peonís pegadas á estrada naqueles puntos de maior risco.

Tras a realización da obra, que terá un prazo de execución de 24 meses contados a partir da súa adxudicación, a estrada contará con dous carrís de 3,5 metros de largo, dúas beiravías de 1 metro e dúas bermas de 0,5 metros. Pola súa banda, a senda peonil será de 2 metros de largo e contará a maiores cunha berma de protección de 1 metro.

A Consellería de Política Territorial pretende mellorar así a actual estrada xa que ten un trazado moi sinuoso e tortuoso e un firme en precario estado de conservación.



A XUNTA DESTINA 1,7 MILLÓNS DE EUROS A LIÑAS DE AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN E FORMACIÓN A PROL DAS MULLERES

- O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social
- Esta liña de axudas inclúe o financiamento para centros de atención especializada, para os recursos especializados e para a promoción de actividades, ademais dos programas de formación
- Apoiaranse aqueles programas de formación que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares
- Prevense axudas de transporte para aquelas mulleres que residan máis alá de 3 quilómetros e establécense como gastos subvencionables os que se deriven da prestación de servizos da gardaría no horario lectivo

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a convocatoria por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI), adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, dunha liña de axudas para a realización de programas de promoción e formación a prol das mulleres. O importe global destinado a estas axudas ascende a 1.654.466 euros, cofinanciados en parte polo Fondo Social Europeo, dos cales poderán beneficiarse as entidades de iniciativa social.

A liña de axudas para a iniciativa social unifica nunha soa resolución distintas liñas de acción que desenvolverán estas entidades que eran obxecto de convocatorias diferentes noutros anos, incluíndo, ademais dos programas de formación, o financiamento para centros de atención especializada, para os recursos especializados e para a promoción de actividades.

Formación

As subvencións para os programas de formación están destinadas a apoiar programas que teñen como obxectivo a inserción laboral das mulleres, no rol de asalariadas ou de traballadoras autónomas, impulsando a súa cualificación naquelas profesións en que se atopen subrepresentadas e que sexan demandadas polo mercado de traballo.

Tamén se prevén programas de formación ocupacional coordinados con actividades de orientación profesional e plans de fomento da economía social e a promoción de empresas, así como o apoio a programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres, nomeadamente os que apostan polo desenvolvemento sustentable.



Así mesmo, subvencionaranse outros proxectos formativos de carácter singular que poidan achegar un valor engadido ás accións anteriores. Como novidade, dentro destas ordes apoiaranse aqueles programas de formación que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares.

As destinatarias das accións formativas serán as mulleres desempregadas e por primeira vez tamén as inactivas que poidan acreditar esta situación, dando preferencia ás mulleres que sufran situacións de violencia de xénero ou de exclusión social ou que teñan responsabilidades familiares non compartidas, así como ás que desexen incorporarse á vida laboral despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a súa vida familiar e laboral.

Conciliación

Para lles facilitar ás alumnas a conciliación da formación e a vida familiar, ademais dos gastos imputables aos cursos, establécense como gastos subvencionables os que se deriven da prestación de servizos de gardaría ou asistencia domiciliaria no horario lectivo, en caso de ter unha persoa dependente ao cargo.

Ademais, prevense bolsas para alumnas cun mínimo do 33% de discapacidade acreditada, e axudas de transporte para aquelas mulleres que residan a máis de 3 km do lugar onde se imparta o curso.

Ao abeiro desta orde, poderanse financiar o 100% dos custos de accións formativas deseñadas con base nos contidos dos programas formativos oficiais de formación profesional, accións formativas incluídas no directorio do Servizo Galego de Igualdade de formación socio-laboral para mulleres, e as non incluídas nos puntos anteriores pero que teñan carácter experimental ou innovador. Todas as accións formativas incluírán obrigatoriamente un módulo de igualdade de oportunidades e outro de orientación e información profesional.

Actividades, atención especializada e recursos

Como segundo campo de actuacións que abrangue a orde de axudas, o programa de promoción de actividades ten por obxecto sufragar o gasto derivado da realización de actividades destinadas a facer posible a incorporación das mulleres á vida política, económica, cultural, social e laboral. Tamén queren estimular o coñecemento do seu contorno e fomentar a relación e colaboración entre asociacións de mulleres. Para estas accións, o SGI achegará ata o 80% do gasto realizado, cun tope de 3.000 euros por tipo de axuda e de 6.000 euros por entidade.

Entre os criterios que se valorarán para a concesión destas subvencións terase en conta, entre outros, que as actividades favorezan o acceso das mulleres ás novas



tecnoloxías, que acheguen ás mulleres as distintas modalidades de ocio e tempo libre, que favorezan a práctica de deportes que adoitan ter pouca presenza feminina, que afonden na recuperación da historia das mulleres da localidade ou comarca, ou que impulsen o coñecemento dos dereitos das mulleres. Valorarase tamén que as actividades propostas favorezan o movemento asociativo de mulleres novas, así como o intercambio de experiencias entre as asociacións de mulleres.

Por outra banda, tamén se terá en conta que propicien a integración de mulleres en proceso de exclusión social, que faciliten o acceso ao mercado laboral ou que redunden nun maior coñecemento das características específicas da saúde das mulleres.

A orde de axudas recolle así mesmo un programa dirixido a sufragar os gastos correntes e de persoal de centros especializados na atención a mulleres en situación de exclusión social dependentes de entidades de iniciativa social. As axudas cubrirán ata o 80% dos gastos con esta finalidade, ata un máximo de 35.000 euros por entidade.

Finalmente, as axudas do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller colaborarán tamén no financiamento da prestación de recursos especializados para que as mulleres poidan superar situacións de marxinación ou desigualdade.

Inclúense neste grupo os recursos para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social, con especial atención ás mulleres que exercen a prostitución, reclusas ou drogodependentes; os recursos de apoio a mulleres anciás soas, mulleres con discapacidade, mulleres inmigrantes ou que pertencen a maiorías étnicas; así como os recursos integrados de atención permanente ás mulleres en materia de asesoramento xurídico, apoio psicolóxico e apoio en saúde sexual e reprodutiva.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVESTIRÁ 223.000 EUROS NA AMPLIACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE VILAGARCÍA DE AROUSA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre este departamento autonómico e o Concello de Vilagarcía de Arousa

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura do convenio colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vilagarcía para a ampliación da escola infantil deste municipio. As obras de ampliación do centro teñen un orzamento inicial de 278.900 euros, dos que a Vicepresidencia asume 223.120 euros, e o municipio os restantes 55.780.

Segundo recolle o convenio autorizado hoxe, a escola infantil de Vilagarcía de Arousa pasará a incluírse na rede Galescola, que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia.

Así mesmo, esta galescola vaise integrar no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do que se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40 por cento para o sostemento deste servizo, correspondéndolle un mínimo do 30 por cento aos concellos e outro tanto aos usuarios.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE FORMALIZA A SÚA PARTICIPACIÓN NO CONSORCIO DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA EN REDE (CIBER) NAS MATERIAS DE OBESIDADE E NANOTECNOLOXÍA

- A Sanidade pública galega lidera o CIBER de Fisiopatoloxía da Obesidade e Nutrición e participa no de Bioenxeñaría, Biomaterias e Nanomedicina
- Materialízase así a inclusión da Consellería de Sanidade de Galicia nas estruturas estables de investigación cooperativa promovidas a nivel nacional polo Ministerio de Sanidade e Consumo, a través do Instituto de Salud Carlos III

O Consello da Xunta materializou esta mañá cun acordo a efectiva inclusión da Sanidade pública galega no Consorcio do Centro de Investigación Biomédica en rede (CIBER). A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizan deste xeito a participación dos seus equipos de investigación en dous dos sete CIBER, o de Bioenxeñaría, Biomateriais e Nanomedicina, e o de Fisiopatoloxía da Obesidade e Nutrición, que a Sanidade pública galega lidera.

O Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e o Programa Ingenio 2010 a nivel nacional establecen a necesidade de impulsar a investigación de excelencia en Biomedicina e Ciencias da Saúde que se realiza no Sistema Nacional de Saúde, mediante o desenvolvemento e potenciación de estruturas estables de investigación cooperativa en rede.

Neste marco, determínanse as bases reguladoras de concesión de axudas destinadas a financiar estas estruturas mediante a constitución de Centros de Investigación Biomédica en rede (CIBER), que teñen como obxectivo a investigación monográfica sobre unha patoloxía e problema de saúde determinado ao redor de áreas temáticas de interese.

A finalidade do consorcio é a promoción e protección da saúde por medio do fomento da investigación tanto de carácter básico, como orientada aos aspectos clínicos en relación con cadansúa área temática. As redes temáticas de investigación cooperativa supoñen a oportunidade de establecer liñas de traballo entre grupos de diferentes centros, institucións e comunidades autónomas nunha estrutura virtual de colaboración.

Galicia lidera o CIBER sobre Fisiopatoloxía da Obesidade e Nutrición

A Sanidade pública galega lidera o CIBER dedicado a Fisiopatoloxía da Obesidade e Nutrición, e traballa xunto cos ministerios de Sanidade e Consumo e Educación e Ciencia, e as comunidades autónomas de Andalucía, Illas Baleares, Cataluña, Valencia e Madrid. O director científico par ao conxunto do Estado deste Centro é Felipe



Casanueva Feijóo, xefe de Servizo de Endocrinoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Este CIBER, cunha dotación orzamentaria para o presente ano 2007 de 3.240.000 de euros, desenvolve actividades de investigación -básica, clínica, epidemiolóxica e nos propios servizos de saúde- e desenvolvemento tecnolóxico relacionadas, entre outras, coa obesidade a nutrición e o exercicio físico; a xenética da obesidade; a dieta mediterránea e prevención de alteracións metabólicas; os factores fisiopatolóxicos da nutrición; a epidemioloxía da obesidade; e a obesidade infantil e a influencia do xénero na obesidade.

Cada Centro de Investigación destas características conta cun Consello Reitor, no que participa a Consellería de Sanidade, un Comité de Dirección e un director científico. O feito de que Galicia teña a Dirección Científica do CIBER sobre Fisiopatoloxía da Obesidade e Nutrición foi salientado pola conselleira de Sanidade no transcurso do Consello da Xunta onde explicou as funcións deste director científico.

O responsable deste CIBER é o encargado de formular as contas anuais ante o Consello Reitor do Centro, dirixir a xefatura de persoal, realizar contratos e actos ata un importe determinado, aprobar contratos, ordenar pagamentos e investir os excedentes, entre outras funcións.

Investigación e desenvolvemento tecnolóxico

Por outra banda, os investigadores dedicados ao CIBER Biomedicina, Biomateriais e Nanomedicina centran as súas actividades na Telemedicina, as técnicas de imaxe molecular en medicina, a bioenxeñaría titular, entre outras. A bioenxeñaría mellora a capacidade de resposta e precisa dun enfoque multidisciplinar.

As institucións participantes nesta ocasión xunto a Galicia pertencen ás comunidades autónomas de Madrid, Castela e León, País Vasco, Cataluña, Andalucía, Valencia e Aragón. Neste caso a participación galega está representada polo equipo que dirixe Francisco Javier Blanco García, responsable da Unidade de Investigación do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña; e a dotación para este ano é de 4.660.000 de euros.

As actividades de investigación e desenvolvemento deste CIBER están orientadas a mellorar as intervencións cirúrxicas e os sistemas de prevención das enfermidades, o deseño de sistemas de seguimento e control a distancia de pacientes, de detectores biomoleculares ou biosensores para diagnóstico molecular personalizado ou a fabricación de fármacos dirixidos, nanomáquinas, pequenos sensores, ordenadores que permiten control continuo sobre a saúde dos pacientes.



Resultados trasladables á sociedade

En ambos os dous CIBER mencionados tense en conta a realidade sanitaria actual, e están a ser desenvolvidos polos grupos de investigadores, que téndose presentado á convocatoria, accederon a formar parte destes CIBER por causa da excelencia investigadora amosada. Estas estruturas de investigación teñen o obxectivo de producir resultados rapidamente trasladables á sociedade tanto no que se refire á mellora da asistencia sanitaria como ao sector produtivo en forma de novas tecnoloxías.

O persoal dos Centros de Investigación Biomédica en Rede que traballe tamén nalgunha das institucións que compoñen o Consorcio (o Servizo Galego de Saúde, neste caso) dependerá del unicamente para os traballos de investigación que estea realizando para o CIBER. O Consorcio a que se vén de sumar Galicia poderá contratar persoal en réxime laboral.

A titularidade da investigación e das actividades que se realicen será compartida entre as entidades consorciadas e o propio CIBER.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 1,4 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAS HIDRÁULICAS EN VIVEIRO (LUGO) E CERCEDA (A CORUÑA)

- No Concello de Viveiro realizarase un investimento de máis de 830.000 euros para saneamento e abastecemento na rúa Lavandeiras
- As actuacións previstas en Cerceda inclúen a mellora da estación de tratamento de auga potable e o abastecemento a varios núcleos rurais

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 1.438.259 euros para mellorar o abastecemento dos concellos de Viveiro (Lugo) e Cerceda (A Coruña). O Consello da Xunta aprobou hoxe os acordos de colaboración entre a administración autonómica e as locais para executar os proxectos.

No concello de Viveiro a Consellería investirá 831.081 euros na mellora do saneamento e abastecemento da rúa Lavandeiras. As obras, que contan cun prazo de execución de seis meses, centraranse no aumento da rede de subministración de auga potable e de saneamento, e na dotación á rúa de rede separativa de pluviais.

O proxecto, que será financiado pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), con cargo aos orzamentos do 2007, incluírá o levantamento do pavimento e das instalacións existentes, a dotación dos servizos de saneamento, abastecemento e pluviais, xunto á canalización da liña eléctrica de iluminación pública.

Ampliación da ETAP

A Consellería de Medio Ambiente, a través da EPOSH, acometerá as obras de mellora na estación de tratamento de auga potable (ETAP) do concello coruñés de Cerceda, así como o abastecemento a varios núcleos do rural. O proxecto conta cun orzamento de 607.178 euros e un prazo de execución de doce meses.

A ampliación da ETAP prevé a instalación dun tubo de impulsión de bombeo en 250 milímetros, xunto á creación dun novo decantador de características similares ao existente. Así mesmo, construírse un novo equipo de filtrado, ampliarase o edificio de control da ETAP e realizarase a substitución do bombeo para un caudal de 30 litros por segundo. As obras completaranse coa instalación dun novo cadro eléctrico de protección e dunha caseta e un centro de transformación de maior intensidade.

Por outra parte, as melloras de abastecemento a núcleos do rural consistirán na ampliación da rede existente en A Silva e a instalación do servizo nos lugares de O Toural, Cortella, Leira Enfesta, Xesteda, Sandián, O Barreiro, A Igrexa, O Ouriño, As Cavadas, O Carballal, O Sucadío, O Uzal, O Pazo, A Picota e Londoño, que son principalmente pequenos núcleos de poboación dispersa que se atopan ao longo do tubo xeral de distribución de auga existente.



MEDIO AMBIENTE INVISTE 1,4 MILLÓNS EUROS NA DOTACIÓN DE SERVIZOS DE SANEAMENTO AOS CONCELLOS DO CARBALLIÑO (OURENSE) E BOIRO (A CORUÑA)

- Na localidade ourensá realizaranse obras de ampliación e mellora en 22 núcleos
- No concello coruñés construírse unha rede saneamento separativa, que suporá un investimento de 684.138 euros

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vén de aprobar dúas novas actuacións de dotación e mellora das redes de saneamento dos concellos do Carballiño, na provincia de Ourense, e de Boiro, na Coruña. Ambos os proxectos, a que se deu luz verde hoxe no consello da Xunta, suman un investimento de 1.461.703 euros, que financiará na súa totalidade a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh).

O Carballiño

Na localidade ourensá implantarase e mellorarase a rede de saneamento nun total de 22 núcleos de poboacións, de xeito que se doten das infraestruturas necesarias para que os seus habitantes conten con este servizo. O orzamento das actuacións ascende a 774.565 euros, que serán financiados pola administración hidráulica, e o prazo de execución é de 8 meses. Concretamente, vanse beneficiar deste proxecto os seguintes núcleos: Arcos, Paradela, A Reguenga, Ponterriza, Saa, Señorín, A Piteira, Paciños, A Xesteira, Sobrado, A Veiga, Rúa Serra Martiñá, Partovia, As Caldas, Carballeda, Larouce, Medela, Cabanelas, Rúa do Volante, A Gouxina, O Barón e Porto de Eguas. As obras inclúen, ademais dos correspondentes sistemas de depuración, a reposición dos pavimentos e servizos afectados durante a realización das obras.

Boiro

No concello de Boiro, na provincia da Coruña, a empresa hidráulica vai acometer a construción dunha rede de colectores no río Coroño, no treito que discorre entre Brazos e Coroño. O proxecto conta cun orzamento de 684.138 euros e o prazo para a súa execución é dun ano. Na actualidade, existe un bombeo en Brazos, que recolle as augas fecais do núcleo do mesmo nome. Coa nova actuación quérese ampliar o saneamento aos núcleos de Teaño, Bermo, Runs e Coroño, todos eles situados na bacía do río Coroño.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 160.000 EUROS PARA A PAVIMENTACIÓN E MELLORA DA RÚA ANTONIO PORRÚA DE CORCUBIÓN

- O investimento total ascende a 199.833 euros dos cales a Consellería de Vivenda e Solo achega o 80 por cento e o 20 por cento restante o Concello de Corcubión

A Consellería de Vivenda e Solo investirá de 159.866 euros en 2007 para financiar as obras de pavimentación e mellora da rúa Antonio Porrúa, coñecida como a rúa Real, na zona histórica de Corcubión. Así o establecerá un convenio de colaboración autorizado hoxe no Consello da Xunta entre este departamento autonómico e o Concello de Corcubión.

O orzamento total da obra ascende a 199.833 euros dos cales o departamento autonómico achegará o 80 por cento. O Concello achegará o 20 por cento restante, 39.966 euros, e encargárase da contratación dos traballos.

As obras consistirán na pavimentación das beirarrúas con lousas rectangulares de granito e da zona de circulación de vehículos con lastros tamén de granito. Ademais dotárase á rúa de dúas redes diferenciadas de saneamento para augas pluviais e para fecais co obxecto de conseguir un perfecto funcionamento destes sistemas.

A Consellería de Vivenda e Solo ten como unha liña prioritaria de traballo a rehabilitación, recuperación e mellora dos centros históricos, non só das vivendas senón tamén das prazas e rúas destes ámbitos.

A Consellería declarou unha Área de Rehabilitación de Centro Histórico (ARCH) en Corcubión o 15 de decembro de 2003. O Plan de Vivenda 2005-2008 establece axudas para os propietarios das vivendas integradas nas Áreas de Rehabilitación de Centros Históricos que poden chegar ata un 80% do orzamento protexible das obras de rehabilitación por un importe máximo de 11.000 euros.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CONTARÁ CON PRETO DE 850 ESPECIALISTAS FIXOS MÁIS

- A Consellería de Sanidade presentou hoxe un informe sobre o Plan de Provisión de Postos de Traballo da Administración Sanitaria Galega que recolle un acordo asinado por unanimidade coas organizacións sindicais da Mesa Sectorial o pasado mes de febreiro
- Os custos salariais da incorporación estable de facultativos aos hospitais públicos galegos ascende a 9,3 millóns de euros
- Esta iniciativa posibilitará que a taxa de estabilidade neste ámbito supere o 96 por cento
- Os obxectivos deste Plan son erradicar o fenómeno do encadeamento de contratos sucesivos; facer aflorar os postos de traballo estables a través dun censo; e, por último, realizar ofertas de emprego estables e periódicas e concursos de traslados

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, informou hoxe no Consello da Xunta de Galicia, do Plan de Provisión de Postos de Traballo dos facultativos especialistas dos hospitais do Servizo Galego de Saúde. Este acordo foi asinado por unanimidade coas organizacións sindicais da Mesa Sectorial o pasado mes de febreiro. A vixencia deste plan é para os anos 2007 e 2008.

Os resultados desta iniciativa posibilitarán que haxa preto de 850 facultativos fixos máis nos hospitais galegos; a plena estabilidade no emprego dos facultativos dos centros hospitalarios -a taxa de estabilidade superará o 96 por cento-, e, ademais, a posibilidade de traslado entre hospitais do Servizo Galego de Saúde para os facultativos propietarios que o desexen.

Para levar a cabo esta medida, a Administración sanitaria galega destinará 9,3 millóns de euros de consolidación de gastos nos orzamentos do Servizo Galego de Saúde, co fin de atender os custos salariais dos facultativos incorporados de xeito estable aos hospitais galegos.

Obxectivos

Os obxectivos deste Plan de Provisión son, entre outros, erradicar o fenómeno do encadeamento de contratos sucesivos; facer aflorar os postos de traballo estables a través dun censo; e, por último, realizar ofertas de emprego estables e periódicas e concursos de traslados, coa fin de facilitar que os especialistas que xa teñen praza en propiedade poidan trasladarse, nun breve prazo, a outros centros e localidades se así o desexan. Ademais, este plan vai permitir reducir a temporalidade.

Para levar a cabo todas estas melloras, o Servizo Galego de Saúde realizará un censo de facultativos fóra de cadro, que están desenvolvendo un posto de traballo que deba consolidarse no cadro de persoal do correspondente hospital. Ademais, ofrecerá a todos os profesionais incluídos no censo, para os que non existan prazas orzadas, un nomeamento para servizo determinado de duración, ata a creación da correspondente praza e a súa cobertura temporal.

Así mesmo, realizará unha selección temporal pública e transparente para os postos interinos das prazas de 2007 de xeito inmediato; e a partir do 1 de xaneiro de 2008 os contratos de especialistas que se realicen terán carácter estable coa fin de reducir a temporalidade laboral deste colectivo.

Outras medidas deste departamento autonómico no marco deste plan, son o ofrecemento de novas prazas por medio da oferta de emprego no 2008; e un concurso de traslados das prazas vacantes para os especialistas que xa teñen praza en propiedade, para que, deste xeito, se trasladen a elas se así o desexan.